

## Ascidias do Estrecho.

En augas do Estreito, alí onde o Atlántico e o Mediterráneo bailan ao son das mareas, as ascidias saben cómo se aproveitar destas ricas correntes.

Estes animais pertencen ao grupo dos *urocordados*, e atópanse moi achegados aos vertebrados, e polo tanto aos nosos devanceiros, na escala evolutiva.

Os caracteres que os definen como cordados, ausentes nos individuos adultos, obsérvanse con claridade nas larvas, que pasan un breve período de vida libre. Despois fíxanse sobre unha superficie rocosa, onde desenvolverán a fase adulta.

Todas as especies son sésiles e filtradoras. Algunhas forman colonias, cubertas por un tegumento e compostas por varios individuos, denominados zooides.

O desenvolvemento das colonias é estacional, e responde á variación das condicións ambientais.

Dentro da enorme diversidade de formas e cores que posúen estes animais, os individuos máis lonxevos adoitan pertencer a especies que non forman colonias.

O corpo destes animais presenta dous sifóns, que comunican co medio externo: o sifón oral, polo cal entra a auga, e o sifón atrial, polo cal a expulsan.

A maioría das ascidias son hermafroditas, e a fecundación sempre é cruzada.

O esperma é verquido ao exterior polo sifón atrial e fecunda o óvulo na auga ou no interior do corpo doutra ascidia.

Froito disto nacerá unha larva de vida libre, que nadará cara a superficie e, en menos de 36 horas, voltará ao fondo para na busca dun bo lugar para se fixar. Será entón cando sufra unha pequena metamorfose que a convertirá nunha pequena ascidia.

Tamén se poden reproducir asexualmente, por un proceso denominado xemación, onde un fragmento dun individuo se desprende e dá lugar a un novo individuo. A xemación é moi típica das ascidias coloniais, como as clavelinas, estranas e belas criaturas de túnica transparente e escintilantes liñas lonxitudinais.

As clavelinas filtran a auga que entra polo sifón oral en dirección á farinxe; alí, as fendiduras branquiais reteñen os organismos do plancton pero permiten o paso da auga ao atrio, desde se expulsa ao exterior a través do sifón atrial.

Tras a farinxe, o alimento pasa ao tubo dixestivo que posúe unha característica forma de U. o esófago forma a rama descendente?, o estómago e o intestino a rama ascendente?, que desemboca na cloaca.

Aínda que se poden atopar clavelinas solitarias, adoitan estar conectadas unhas coas outras mediante uns estolóns xelatinosos, de xeito que forman acios de individuos de diversos tamaños.